


Materia/Área	Segunda Lingua Estranxeira Francés (2LEF)	 <p>CPI de ATIOS Valdoviño</p>
Profesor/a	Laura M. Fernández Sánchez	
Curso e grupo	1º ESO	

CONTIDOS:

1ª Avaliación: Saudar, presentarse, preguntar o nome e a idade, describir o carácter dunha persoa en masculino e feminino, os números do 0 ao 69, os verbos rematados en -ER, os artigos definidos e indefinidos, o material de clase, a negación básica e os verbos *être* (ser, estar), *avoir* (ter). O material escolar, os meses do ano e as cores.

2ª Avaliación: O colexio e a organización da aula, o nome das asignaturas e os días da semana. A expresión da hora. A familia e os pronomes posesivos; a expresión da posesión. O corpo humano e a expresión da dor, os animais e a descrición física dos animais. Os pronomes tónicos; a contracción de *à* cos artigos.

3ª Avaliación: A cidade e os medios de transporte, os principais países e cidades xunto coas preposicións de lugar. Dar unha dirección. As profesións. A natureza, as estacións e o tempo atmosférico. As actividades de lecer (deportes, xogos, instrumentos de música), o verbo *jouer* coas preposicións *à* e *de* (e a contracción destas preposicións co artigo). Os números do 70 ao 100.

OBXECTIVOS:

Continuar a iniciación na lingua francesa comezada en 6º E. Primaria ata ser capaz de comprender e expresar frases breves e contextualizadas que correspondan a situacións cotiás estudadas en clase.

METODOLOXÍA:

Empregaremos o ***Cahier d'exercices Pluriel 1*** da editorial Santillana, os recursos da plataforma Edixgal, da aula virtual do centro e o libro dixital correspondente ao *Cahier* diariamente. Veremos os textos e escoitaremos audios para descubrir novos contidos; no caderno faremos os exercicios orais e escritos, apuntaremos as explicacións e pegaremos recortes.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Criterios:

- Participar na clase e amosar interese por avanzar na materia.
- Demostrar coñecemento dos contidos léxicos e gramaticais nas probas.
- Actitude de axuda aos compañeiros e de cooperación nas actividades da aula.

Instrumentos:

- 2 exames en cada trimestre, con probas orais e escritas.
- Entrega periódica de fichas para resolver autonomamente que serán devoltas con cualificación.
- Revisión do caderno de exercicios e da libreta.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

2 exames por trimestre que suporán o 60% da nota; caderno e fichas: 30%; participación e actitude en clase: 10%.

MÍNIMOS:

Os contidos correspondentes a léxico (por exemplo: a familia, as estacións, o material de clase, ...) e o intento de emprego dos elementos gramaticais con incorreccións (por exemplo, coñecer os pronomes tónicos pero empregalos incorrectamente).

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

2 exames por trimestre + entrega de fichas + revisión do caderno de exercicios e da libreta

MATERIAL NECESARIO PARA A MATERIA:

Cahier d'exercices Pluriel 1 da editorial Santillana. Libreta de francés de 6º de E. Primaria, se o alumno a conserva; se non a conserva ou está esgotada, vale unha libreta tamaño folio que non sexa demasiado grande. Ademais, bolígrafos azul e vermello, lapis, goma, tesoiras, pegamento e ceras ou lapis de varias cores diferentes. **É imprescindible que o alumno acuda a clase provisto de auriculares** de calquera tipo (de diadema ou de botón).